

blecidas no dereito internacional en mar alto a bordo de buques de países terceiros, poderán ser sancionadas cando o Estado de bandeira non exerza a súa competencia sancionadora, ao abeiro do establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e no Real decreto 1134/2002, do 31 de outubro, sobre aplicación de sancións en materia de pesca marítima a españois enrolados en buques con abandeiramento de conveniencia, así como na presente disposición, calquera que sexa o seu grao de responsabilidade pola participación nos feitos constitutivos de infracción.

2. Para os efectos da aplicación deste procedemento, enténdese que o Estado de bandeira non exerce a súa competencia sancionadora cando no prazo de tres meses desde que lle foi notificada, por conduto oficial, a conduta presuntamente infractora, probada de forma que faga fe, ben non respondese por conduto oficial, con mención das actuacións practicadas, ou non levase a cabo as devanditas actuacións necesarias para sancionar.

#### Artigo 36. *Procedemento.*

1. A notificación ao Estado de bandeira por conduto oficial da conduta presuntamente infractora, consistente no incumprimento de obrigas derivadas de medidas de conservación e xestión establecidas no dereito internacional, será realizada pola representación diplomática de España, salvo que conste no procedemento que xa foi efectuada anteriormente por órganos ou organismos comunitarios ou internacionais, caso en que se considerará esta como válida para os efectos previstos neste regulamento.

2. O prazo de tres meses empezará a contar a partir do momento en que conste a entrada da notificación no órgano correspondente do Estado de pavillón.

3. Se no prazo de tres meses o Estado de pavillón non contestou á notificación nin iniciou ningún procedemento, o órgano competente poderá iniciar procedemento sancionador contra as persoas físicas ou xurídicas responsables, de acordo co previsto na Lei 3/2001 e neste regulamento.

#### Artigo 37. *Exercicio da competencia sancionadora polo Estado de bandeira.*

Recaída resolución firme no Estado de pavillón, o órgano competente para resolver poderá determinar a apertura do expediente sancionador, tendo en conta, en todo caso, a sanción recaída para os efectos de graduar ou, se procede, compensar, a que se impoña, sen prexuízo da declaración da infracción. Para estes efectos será de aplicación o disposto nos artigos 8 e 17.3 deste regulamento.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9288** *REAL DECRETO 866/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio. («BOE» 131, do 30-5-2008.)*

O Real decreto 118/2003, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio, foi modificado en tres ocasións, a

última vez mediante a Orde SCO/3508/2006, do 10 de novembro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 118/2003, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.

Este real decreto incorpora as disposicións comunitarias contidas na Directiva 78/142/CEE do Consello, do 30 de xaneiro de 1978, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre materiais e obxectos que conteñan cloruro de vinilo monómero, destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, a Directiva 82/711/CEE do Consello, do 18 de outubro de 1982, que establece as normas de base necesarias para a verificación da migración dos constituíntes dos materiais e obxectos de materia plástica destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, a Directiva 85/572/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1985, pola que se determina a lista dos simulantes que se deben utilizar para controlar a migración dos compoñentes dos materiais e obxectos de material plástico destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios, e a Directiva 2002/72/CE da Comisión, do 6 de agosto de 2002, relativa aos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios.

A Directiva 2007/19/CE da Comisión, do 2 de abril de 2007, pola que se modifican a Directiva 2002/72/CE relativa aos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios e a Directiva 85/572/CEE do Consello pola que se determina a lista dos simulantes que se deben utilizar para controlar a migración dos compoñentes dos materiais e obxectos de material plástico destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios, introduce cambios importantes na lexislación comunitaria sobre materiais plásticos en contacto con alimentos, ao modificar substancialmente o articulado da Directiva 2002/72/CE e actualizar as anexos de ambas as directivas.

Este real decreto incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2007/19/CE, pero, para unha maior simplificación e claridade, refundiuse nun novo texto xunto co Real decreto 118/2003 e as súas modificacións posteriores.

Por outra banda, o Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais plásticos destinados a estar en contacto con produtos alimenticios e alimentarios, aparece referenciado en varias ocasións no Real decreto 118/2003. Considerando que o devandito real decreto está derogado pola aplicación de regulamentos comunitarios e o propio Real decreto 118/2003, cómpre substituír estas mencións polas actualmente viventes. Para maior claridade xurídica e simplificación da lexislación procédese á derogación deste real decreto.

Na súa tramitación foron oídas as comunidades autónomas, os sectores afectados, as asociacións de consumidores e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de maio de 2008,

### DISPÕO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto aprobar a lista positiva de monómeros e substancias de partida autorizadas

para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, as súas migracións máximas permitidas cedidas en probas de migración, xa sexa globalmente ou para un constituínte específico, e determinar as condicións de ensaio delas.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para efectos deste real decreto, enténdese por:

a) **Materia plástica:** composto macromolecular orgánico obtido por polimerización, policondensación, poliadición ou outro procedemento similar a partir de moléculas de peso molecular inferior, ou por modificación química de macromoléculas naturais. Ao citado composto macromolecular poderánselle engadir outras substancias ou materias, consideradas aditivos.

b) **Aditivo:** toda substancia incorporada aos polímeros durante os procesos de síntese, elaboración ou transformación, co fin de facilitar os devanditos procesos e/ou modificar convenientemente as propiedades finais do produto acabado. Estes aditivos, con excepción dos corantes, deberán figurar nas correspondentes listas positivas.

c) **Materiais ou obxectos de plástico de varias capas:** un material ou un obxecto de plástico composto por dúas ou máis capas de material, cada unha das cales está constituída exclusivamente de materias plásticas, que están unidas entre si por medio de adhesivos ou por calquera outro medio.

d) **Barreira funcional de plástico:** unha barreira que está constituída por unha ou varias capas de materias plásticas que garante que o material ou o obxecto final cumpren o establecido no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1935/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e neste real decreto.

e) **Alimentos non graxos:** os alimentos para os cales se establecen no anexo VIII deste real decreto simulantes diferentes do simulante D para efectuar as probas de migración.

f) **Soportes para a produción de polimerización:** aditivos utilizados no proceso de polimerización, ben para intervención directa na reacción (auxiliares de polimerización, como os catalizadores e iniciadores) ou ben para crear a esta un medio adecuado (auxiliares para a produción de polímeros, como os axentes de suspensión e reguladores de pH). Estes soportes non están destinados a permanecer no obxecto acabado nin teñen un efecto tecnolóxico nel.

2. Os denominados complexos formados por capas de materiais plásticos diferentes consideraranse, para efectos específicos deste real decreto, como un conxunto único e non só o que estea en contacto co alimento, aínda que cada un deles deberá cumprir por separado as condicións xerais ou específicas que lle correspondan.

3. No entanto, non se considerarán materias plásticas:

a) As películas de celulosa rexenerada, vernizadas e non vernizadas, reguladas polo Real decreto 1413/1994, do 25 de xuño.

b) Os elastómeros e cauchos naturais e sintéticos.

c) Os papeis e cartóns, modificados ou non por engadido de materia plástica.

d) Os revestimentos de superficie obtidos a partir de:

1.º Ceras de parafina, incluídas as ceras de parafina sintética e/ou ceras microcristalinas.

2.º Mesturas de ceras mencionadas no primeiro guión, entre si e/ou con materias plásticas.

e) As resinas de intercambio iónico.

f) As siliconas.

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto é aplicable aos seguintes materiais e obxectos que, no estado de produtos acabados, estean destinados a entrar en contacto ou se poñan en contacto con produtos alimenticios, e estean destinados a este uso:

a) os materiais e obxectos, e as súas partes, constituídos exclusivamente de materias plásticas

b) os materiais e obxectos de plástico de varias capas

c) as capas de plástico ou revestimentos de plástico que formen obturadores en tapas que, xuntos, estean compostos de dúas ou máis capas de diferentes tipos de materiais

2. Sen prexuízo do disposto na alínea c) do número anterior, este real decreto non se aplicará aos materiais e obxectos compostos de dúas ou máis capas, cando ao menos unha delas non estea exclusivamente constituída por materias plásticas, mesmo se a destinada a entrar en contacto directo cos produtos alimenticios está constituída exclusivamente por materia plástica.

#### Artigo 4. *Límite de migración global.*

1. Os materiais e obxectos plásticos non deberán ceder os seus compoñentes aos produtos alimenticios en cantidades que excedan os 60 miligramos de constituíntes liberados por quilogramo de produto alimenticio ou simulante alimenticio (mg/kg) (límite de migración global).

Non obstante, tal límite será de 10 miligramos por decímetro cadrado de superficie de material ou obxecto (mg/dm<sup>2</sup>) nos seguintes casos:

a) obxectos que sexan envases ou que sexan comparables a envases ou que poidan reencherse, dunha capacidade inferior a 500 mililitros (ml) ou superior a 10 litros (l);

b) láminas, películas ou outros materiais ou obxectos que non poidan reencherse ou para os cales non sexa posible calcular a relación entre a súa superficie e a cantidade de alimento en contacto con eles.

2. En canto aos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, ou que xa estean en contacto con eles, tal como se definen no Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, e o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación, o límite de migración global sempre será de 60 mg/kg.

#### Artigo 5. *Límites de migración específica (LME).*

1. Os límites de migración específica indicados nos anexos II e III están expresados en mg/kg. Non obstante, tales límites exprésanse en mg/dm<sup>2</sup> nos seguintes casos:

a) Obxectos que sexan envases ou que sexan comparables a envases ou que poidan reencherse, dunha capacidade inferior a 500 mililitros (ml) ou superior a 10 litros.

b) Láminas, películas ou outros materiais que non poidan reencherse ou para os cales non sexa posible calcular a relación entre a superficie de tales materiais e a cantidade de produto alimenticio en contacto con eles.

2. Nos casos considerados no número 1, os límites indicados nos anexos II e III, expresados en mg/kg, divídanse por seis, como factor convencional de conversión, para expresalos en mg/dm<sup>2</sup>.

3. En canto aos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, ou que xa estean en contacto con eles, tal como se definen no Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, e o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, os límites de migración específica aplicaranse como mg/kg.

#### Artigo 6. *Condicións dos ensaios de migración.*

1. Os ensaios de migración pódense efectuar ben en produtos alimenticios ou ben en simulantes.

2. A verificación do cumprimento dos límites de migración efectuarase de acordo co establecido nos anexos I e VIII deste real decreto. Así mesmo, poderase efectuar mediante a determinación da cantidade dunha substancia no material ou no obxecto terminado, sempre que se defina unha relación entre esa cantidade e o valor da migración específica da substancia a través dunha experimentación adecuada ou mediante a aplicación de modelos de difusión comunmente recoñecidos, baseados en probas científicas.

Para demostrar o incumprimento dun material ou dun obxecto será obrigatorio confirmar mediante análises experimentais o valor de migración estimado.

3. Non será obrigatoria a verificación do cumprimento dos límites de migración específica prevista no número 2 no caso de que se poida demostrar un dos seguintes supostos:

a) Que o valor da determinación da migración global implique que non se superan os límites de migración específica mencionados no citado número.

b) Que a cantidade de substancia residual existente no material ou obxecto, mesmo considerando a migración completa da citada substancia, non supera o límite de migración específica.

4. Os ensaios para comprobar se a migración aos produtos alimenticios se axusta aos límites máximos permitidos realizaranse nas condicións de duración e temperatura máis extremas previsibles de uso real.

5. Malia o disposto no número 2, no que se refire aos ftalatos (números de referencia 74640, 74880, 74560, 75100 e 75105) mencionados na sección A do anexo III, a verificación do LME unicamente se efectuará nos simulantes alimenticios. Non obstante, a verificación do LME poderase efectuar nos alimentos cando o alimento aínda non estivese en contacto co material ou obxecto, e se realice unha proba previa de detección de ftalatos e o nivel non sexa estatisticamente significativo, ou sexa superior ou igual ao límite de cuantificación.

#### Artigo 7. *Lista positiva de monómeros e outras substancias de partida.*

1. Soamente poderán ser utilizados para a fabricación de materiais e obxectos plásticos os monómeros e outras substancias de partida enumeradas no anexo II, coas restricións alí especificadas.

2. Para efectos deste real decreto, a lista que figura no anexo II non inclúe os monómeros e demais substancias de partida usadas unicamente na fabricación de:

a) Revestimentos de superficie obtidos a partir de produtos resinosos ou polimerizados en forma líquida, de po ou de dispersión, tales como vernices, lacas, pinturas, etc.

b) Resinas epoxídicas.

c) Adhesivos e activadores de adhesión.

d) Tintas de imprenta.

#### Artigo 8. *Lista positiva de aditivos.*

1. Os aditivos que se poden utilizar na fabricación de materiais e obxectos plásticos, xunto coas restricións e, de ser o caso, especificacións sinaladas, son as que figuran no anexo III, así como os incluídos na Resolución da Subsecretaría para a Sanidade do 4 de novembro de 1982, modificada mediante a Orde do 3 de xullo de 1985, que non estean previstos neste real decreto.

Así mesmo, autorízase o uso de soportes para a produción de polimerización, tal como se definen na alínea f) do número 1 do artigo 2, que estean legalmente autorizados noutros Estados membros da Unión Europea, con idénticas restricións e limitacións que alí existan, para ese mesmo fin, de acordo co principio de recoñecemento mutuo establecido polo Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

2. Para as substancias da sección B do anexo III, a verificación do cumprimento dos límites de migración específica aplicarase a partir do 1 de maio de 2008 cando se leve a cabo en simulantes D ou en medios de proba de análises substitutivas, de acordo co establecido no anexo IX.

3. As listas que figuran nas seccións A e B do anexo III non inclúen os aditivos seguintes:

a) Aditivos utilizados unicamente para fabricar:

1.º Revestimentos de superficies obtidos a partir de produtos resinosos ou polimerizados en forma líquida, de po ou de dispersión, tales como vernices, lacas, pinturas.

2.º Resinas epoxídicas.

3.º Adhesivos e activadores de adhesión.

4.º Tintas de imprenta.

b) Corantes.

c) Disolventes.

4. Aos valores admitidos para as migracións específicas dos aditivos nos cales se poida presentar a dualidade funcional de monómero ou substancia de partida e de aditivo, aplicaranse os criterios establecidos neste real decreto.

#### Artigo 9. *Produtos obtidos por medio de fermentación bacteriana.*

Só se poderán utilizar en contacto con produtos alimenticios os produtos obtidos mediante fermentación bacteriana, cuxa lista figura no anexo IV.

#### Artigo 10. *Aditivos alimentarios e aromas.*

1. Os aditivos mencionados no artigo 8 que estean autorizados tamén como aditivos alimentarios pola lexislación de aditivos alimentarios, isto é, o Real decreto 3177/1983, do 16 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aditivos alimentarios, ou como aromas, conforme o Real decreto 1477/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria dos aromas que se utilizan nos produtos alimenticios e dos materiais de base para a súa produción, non deben migrar:

a) Aos produtos alimenticios en cantidades que teñan un efecto tecnolóxico no produto alimenticio final.

b) Aos produtos alimenticios nos cales se autorice a súa utilización como aditivos ou aromas en cantidades que superen as restricións establecidas na lexislación de aditivos alimentarios polo Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de corantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, polo Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de

corantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, e polo Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización; ou de aromas, segundo o previsto no Real decreto 1477/1990, do 2 de novembro; ou no artigo 8 deste real decreto, atendendo á que estableza a maior restrición.

c) Aos produtos alimenticios en que non se autorice a súa utilización como aditivos ou aromas alimentarios en cantidades que superen as restricións establecidas no artigo 8.

2. Nas fases de comercialización que non sexan as fases de venda a retalho, os materiais e obxectos plásticos destinados a ser postos en contacto con produtos alimenticios e que conteñan aditivos mencionados no número 1 deberán ir acompañados dunha declaración escrita que inclúa a información prevista no artigo 13.

#### Artigo 11. *Barreiras funcionais.*

1. Nun material ou obxecto de plástico de varias capas, a composición de cada capa de plástico deberase axustar ao establecido neste real decreto.

2. Malia o disposto no número 1, unha capa que non se encontre en contacto directo cun alimento e estea separada del por unha barreira funcional de plástico, poderá, sempre que o material ou obxecto acabado cumpra os límites de migración específicos e globais establecidos neste real decreto:

a) non cumprir as restricións e as especificacións establecidas neste real decreto

b) estar fabricada con substancias diferentes das incluídas neste real decreto ou na Resolución do 4 de novembro de 1982, da Subsecretaría para a Sanidade.

3. A migración das substancias previstas no número 2, alínea b), a un alimento ou un simulante non deberá superar o 0,01 mg/kg, medido con certeza estatística por un método de análise de conformidade co artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 882/2004, do Parlamento Europeo e do Consello. Este límite sempre se expresará como concentración en alimentos ou simulantes e aplicarase a un grupo de compostos, se están estrutural e toxicoloxicamente relacionados, particularmente isómeros ou compostos co mesmo grupo funcional pertinente, e incluírá posibles transferencias non desexadas.

4. As substancias mencionadas no número 2, alínea b), non deberán pertencer ás categorías seguintes:

a) substancias clasificadas como substancias respecto das cales estea demostrado ou se sospeite que son «carcinóxicas», «mutáxicas» ou «tóxicas para a reprodución» no anexo I do Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas ou

b) substancias clasificadas conforme o criterio de autorresponsabilidade como «carcinóxicas», «mutáxicas» ou «tóxicas para a reprodución» de conformidade coas normas do artigo 6 do Real decreto 363/1995, do 10 de marzo.

#### Artigo 12. *Especificacións.*

Na parte A do anexo V figuran as especificacións xerais relativas aos materiais e obxectos plásticos. Na parte B do anexo V establécense outras especificacións

sobre determinadas substancias que figuran nos anexos II, III e IV.

#### Artigo 13. *Declaración para a comercialización.*

1. Nas fases de comercialización que non sexan as fases de venda ao retalho, os materiais e obxectos de plástico, así como as substancias destinadas á fabricación deses materiais e obxectos, deberán ir acompañados dunha declaración escrita de conformidade co artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 1935/2004.

2. O explotador da empresa emitirá a declaración mencionada no número 1, que deberá conter a información establecida no anexo VII. O explotador da empresa deberá pór á disposición das autoridades competentes, se estas así o solicitan, a documentación apropiada que demostre que os materiais e obxectos, así como as substancias destinadas á fabricación destes materiais e obxectos, cumpren os requisitos deste real decreto. A citada documentación deberá incluír as condicións e os resultados dos ensaios, os cálculos, outras análises, e as probas sobre seguranza, ou ben un razoamento que demostre o cumprimento.

#### Artigo 14. *Réxime sancionador.*

1. Sen prexuízo doutras disposicións que puideren resultar de aplicación, o incumprimento do establecido neste real decreto poderá ser obxecto de sanción administrativa, logo da instrución do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto no capítulo VI do título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

2. En particular, o incumprimento dos preceptos referidos aos límites de migración global e específica e á declaración de conformidade previstos nos artigos 5 e 13, terá a consideración dunha infracción moi grave, de acordo co disposto no artigo 35, B), 1.º, da Lei 14/1986, xeral de sanidade.

3. Así mesmo, o incumprimento dos preceptos referidos á utilización de monómeros, aditivos e outras substancias de partida e produtos obtidos por medio de fermentación bacteriana especificados nos artigos 7, 8 e 9, terá a consideración dunha infracción moi grave, de acordo co establecido no artigo 35, C), 1.º, da Lei 14/1986, xeral de sanidade.

#### Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios fabricados antes do 1 de xullo de 2008, no que respecta aos produtos mencionados nos números 1 e 2 da disposición derradeira primeira, e antes do 1 de maio de 2009, no que respecta ao resto de materiais, e que se axusten ao disposto na normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, poderanse seguir comercializando ata a finalización das súas existencias.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 118/2003, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio, e o Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais plásticos destinados a estar en contacto con produtos alimenticios e alimentarios.

Disposición derradeira primeira. *Prohibición de fabricación e importación.*

1. A partir do 1 de xullo de 2008 quedará prohibida a fabricación e a importación de tapas que conteñan un obturador que non cumpra as restricións e as especificacións para as substancias coas referencias n.º 30340, 30401, 56800, 76815, 76866, 88640 e 93760 previstas na sección A do anexo III.

2. A partir do 1 de xullo de 2008 quedará prohibida a fabricación e a importación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con alimentos que non cumpran as restricións e as especificacións relativas aos ftalatos (n.º de referencia 74560, 74640, 74880, 75100 e 75105) previstas na sección A do anexo III.

3. Malia o disposto nos números 1 e 2, a partir do 1 de maio de 2009 quedará prohibida a fabricación e importación dos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con alimentos que non se axusten ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e de acordo co disposto no artigo 40, números 2 e 4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para ditaren, no

ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a actualización e modificación dos anexos deste real decreto conforme os avances dos coñecementos científicos e técnicos e para adaptalos ás disposicións e modificacións introducidas pola normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/19/CE da Comisión, do 2 de abril de 2007, e actualízase a transposición das directivas 2002/72/CE, relativa aos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, e 85/572/CEE do Consello, do 19 de decembro, pola que se determina a lista dos simulantes que se deben utilizar para controlar a migración dos compoñentes dos materiais e obxectos de material plástico destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios, modificadas por aquela.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de maio de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO I

**Disposicións adicionais aplicables ao control do cumprimento dos límites de migración**I. *Disposicións xerais*

1. Cando se comparen os resultados das probas de migración especificadas no anexo IX deberase aceptar de forma convencional que o peso específico de todos os simulantes é 1 g/cm<sup>3</sup>. Así pois, os miligramos de substancia ou substancias migradas por litro de simulante (mg/l) corresponderán numericamente a miligramos de substancia ou substancias liberadas por quilogramo de simulante e, de acordo coas condicións establecidas no anexo IX, a miligramos de substancia ou substancias liberadas por quilogramo de produto alimenticio.

2. Cando as probas de migración se leven a cabo sobre mostras tomadas do material ou obxecto ou sobre mostras fabricadas a propósito e as cantidades en produto alimenticio ou de simulante postos en contacto coa mostra sexan diferentes das que se empreguen nas condicións reais en que se use o material ou obxecto, haberá que corrixir os resultados obtidos aplicando a seguinte fórmula:

$$M = \frac{m \cdot a_2}{a_1 \cdot q} \cdot 1000$$

Onde:

M = será a migración en mg/kg.

m = será a masa expresada en mg de substancia liberada pola mostra e determinada na proba de migración.

a<sub>1</sub> = será a superficie expresada en dm<sup>2</sup> da mostra en contacto cos alimentos ou simulantes no ensaio de migración.

a<sub>2</sub> = será a superficie expresada en dm<sup>2</sup> do material ou obxecto nas condicións reais de uso.

q = será a cantidade expresada en gramos de produto alimenticio en contacto co material ou obxecto nas condicións reais de uso.

3. Corrección da migración específica en alimentos que conteñan máis dun 20% de graxa polo coeficiente de redución de graxas (Fat Reduction Factor-FRF):

O "coeficiente de redución de graxas" (FRF) é un coeficiente entre 1 e 5 polo cal deberá dividirse a migración medida de substancias lipofílicas nun alimento graxo ou un simulante D e os seus substitutos antes de efectuar unha comparación cos límites específicos de migración.

Normas xerais

As substancias consideradas "lipofílicas" para a aplicación do FRF enuméranse no anexo VI. A migración específica de substancias lipofílicas en mg/kg (M) corrixirase mediante a variable FRF entre 1 e 5 (M<sub>FRF</sub>). Aplicaranse as ecuacións seguintes antes de efectuar a comparación co límite legal:

$$M_{FRF} = M/FRF$$

e

$$FRF = \frac{\text{g de graxa en alimento/kg de alimento}}{200} = (\% \text{ graxa} \times 5)/100$$

Esta corrección co FRF non se aplicará nos casos seguintes:

a) cando o material ou o obxecto estea en contacto con alimentos que conteñan menos dun 20 % de graxa, ou estea destinado a estalo;

b) cando o material ou o obxecto estea en contacto con alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, tal como se definen no Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, e no Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, ou estea destinado a estalo;

c) no caso das substancias das listas dos anexos II e III para as cales figure unha restrición na columna 4 LME = ND, ou as substancias non incluídas nas listas utilizadas detrás dunha barreira funcional de plástico cun límite de migración de 0,01 mg/kg;

d) no caso dos materiais e obxectos para os cales non sexa posible estimar a relación entre a súa superficie e a cantidade de alimento en contacto con eles, debido, por exemplo, á súa forma ou

á seu uso, e en que a migración se calcule utilizando o factor convencional de conversión de superficie/volume de 6 dm<sup>2</sup>/kg.

Esta corrección mediante o FRF será aplicable se se cumpren unha serie de condicións no caso seguinte: no que respecta aos envases ou outros artigos que poidan reencherse e que teñan unha capacidade inferior a 500 mililitros ou superior a 10 litros, e ás láminas e películas que estean en contacto con alimentos que conteñan máis dun 20 % de graxa, a migración calcularase como concentración no alimento ou o simulante alimenticio (mg/kg) corrixida polo FRF, ou ben recalculase como mg/dm<sup>2</sup> sen aplicar o FRF. Se un dos dous valores é inferior ao LME, considerarase que o material ou o obxecto cumpren os requisitos.

A aplicación do FRF non conducirá a unha migración específica que supere o límite xeral de migración.

## 4. Corrección da migración específica no simulante alimenticio D:

A migración específica de substancias lipofílicas ao simulante D e os seus substitutos corrixirase mediante os factores seguintes:

a) o coeficiente de redución a que se refire o punto 3 do anexo VIII, no sucesivo denominado coeficiente de redución do simulante D (Simulant D Reduction Factor-DRF).

O DRF pode non ser aplicable cando a migración específica ao simulante D sexa superior ao 80 % do contido da substancia no material ou obxecto terminado (por exemplo, películas finas). Requírense probas científicas ou experimentais (por exemplo, ensaios cos alimentos máis críticos) para determinar se o DRF é aplicable. Tampouco é aplicable ás substancias das listas comunitarias para as cales figure unha restrición na columna 4 LME = ND nin ás substancias non incluídas nas listas utilizadas detrás dunha barreira funcional de plástico cun límite de migración de 0,01 mg/kg;

b) o FRF é aplicable á migración a simulantes, sempre e cando se coñeza o contido de graxa do alimento que se vaia embalar e se cumpran os requisitos mencionados no punto 3;

c) o coeficiente total de redución (Total Reduction Factor-TRF) é o coeficiente, cun valor máximo de 5, polo cal se dividirá unha migración específica medida ao simulante D ou a un substituto antes da comparación co límite legal. Este coeficiente obtense ao multiplicar o DRF polo FRF cando ambos os coeficientes sexan aplicables.

5. A determinación da migración levarase a cabo sobre o material ou obxecto ou, se isto non é posible, utilizando mostras tomadas do material ou obxecto ou, cando sexa adecuado, mostras representativas dese material ou obxecto.

A mostra porase en contacto co produto alimenticio ou o simulante de forma equivalente ás condicións de contacto reais. Para iso, a proba levarase a cabo de forma tal que só entren en contacto co produto alimenticio ou o simulante aquelas partes das mostras destinadas a entrar en contacto cos produtos alimenticios no uso real. Esta condición é particularmente importante no caso de materiais ou obxectos que se compoñan de diversas capas, para cerramentos, etc.

As probas de migración realizadas sobre capuchóns, obturadores, tapóns ou dispositivos similares utilizados con cerramento deberanse levar a cabo pondo estes obxectos en contacto cos envases a que estean destinados de tal forma que correspondan ás condicións normais ou previsibles de uso.

En todos estes casos será lícito demostrar o cumprimento dos límites de migración mediante probas máis severas.

6. De acordo coas disposicións do artigo 6 deste real decreto, a mostra do material ou obxecto colocarse en contacto co produto alimenticio ou o simulante apropiado durante un período de tempo e a unha temperatura elixidos en relación coas condicións de contacto no uso real, de acordo coas normas establecidas no anexo IX. Ao final do tempo prescrito, levarase a cabo sobre o produto alimenticio ou o simulante a determinación analítica da cantidade total de substancia (migración global) e/ou da cantidade específica dunha ou máis substancias (migración específica) liberadas pola mostra.

7. Cando un material ou obxecto estea destinado a entrar en contacto repetidas veces con produtos alimenticios, a proba ou probas de migración deberán levarse a cabo tres veces sobre unha mesma mostra de acordo coas condicións establecidas no anexo IX, usando outra mostra de alimento ou simulante en cada proba. A conformidade do citado material ou obxecto cos límites controlárase sobre a base do nivel de migración que se encontre na terceira proba. Non obstante, se existe unha proba concluínte de que o nivel de migración non aumenta nas probas segunda e terceira e se non se supera o límite ou límites de migración na primeira proba non serán necesarias as seguintes.

8. Capuchóns, tapas, obturadores, tapóns e dispositivos de cerramento similares:

a) Se se coñece o uso previsto, estes obxectos someteranse a proba aplicándoos aos envases a que están destinados baixo condicións de cerramento que correspondan a un uso normal ou previsible. Asímesa que estes obxectos están en contacto cunha certa cantidade de alimento contida no envase. Os resultados expresaranse en mg/kg ou en mg/dm<sup>2</sup>, de conformidade coas normas dos artigos 4 e 5, tendo en conta toda a superficie de contacto do dispositivo de cerramento e o envase.

b) Se se descoñece o uso previsto destes obxectos, someteranse a proba nun ensaio separado e o resultado expresaranse en mg/obxecto. De ser o caso, o valor obtido engadirase á cantidade migrada a partir do envase a que están destinados.

## II. Disposicións especiais relacionadas coa migración global

1. Se se usan os simulantes acuosos especificados no anexo VIII, a determinación da cantidade total de substancia liberada pola mostra poderase levar a cabo por evaporación do simulante e determinación do peso do residuo.

Se se utiliza aceite de oliva rectificadado ou calquera dos produtos substitutivos pode seguirse o seguinte procedemento: pesarse a mostra ou obxecto antes e despois do contacto co simulante. A cantidade deste absorbida pola mostra extraerese e determinarase cuantitativamente. A cantidade de simulante que se encontre restarase do peso da mostra medida despois do contacto co simulante. A diferenza entre os pesos inicial e final corrixidos representará a migración global da mostra examinada.

Cando un material ou obxecto estea destinado a entrar en contacto repetido con produtos alimenticios e sexa tecnicamente imposible levar a cabo a proba descrita no número I.7, poderanse aceptar modificacións desta proba con tal de que permitan determinar o nivel de migración que ten lugar durante a terceira proba. A seguir descríbese unha desas posibles modificacións: a proba levarase a cabo en tres mostras idénticas do material ou obxecto. Unha destas someterase ás probas adecuadas e determinarase a migración global (M<sub>1</sub>); a segunda e terceira mostran someteranse ás mesmas condicións de temperatura, pero os períodos de contacto serán, respectivamente, dúas e tres veces superiores ao especificado e determinarase a migración global en cada caso (M<sub>2</sub> e M<sub>3</sub>, respectivamente).

Considerarase que o material ou obxecto é conforme sempre que M<sub>1</sub> ou M<sub>3</sub>-M<sub>2</sub> non excedan o límite de migración global.

2. Un material ou obxecto que supere o límite de migración global en cantidades non superiores á tolerancia analítica mencionada máis abaixo deberá considerarse conforme con este real decreto.

Admítense as seguintes tolerancias analíticas:

a) 20 mg/kg ou 3 mg/dm<sup>2</sup> nas probas de migración que utilizan aceite de oliva rectificadado ou produtos substitutivos.

b) 12 mg/kg ou 2 mg/dm<sup>2</sup> nas probas de migración que utilizan os outros simulantes a que se refire o anexo VIII.

3. Non se efectuarán probas de migración que utilicen aceite de oliva ou produtos substitutivos para verificar o cumprimento do límite de migración global nos casos en que se demostrase de forma concluínte que o método analítico especificado é inadecuado desde o punto de vista técnico.

En tales casos, para as substancias que non teñan límites de migración específica ou outras restricións na lista recollida no anexo II aplicarase un límite xenérico de migración específica de 60 mg/kg ou 10 mg/dm<sup>2</sup> segundo o caso. A suma de todas as migracións específicas determinadas non excederá, non obstante, o límite de migración global.

## ANEXO II

### Lista de monómeros e outras substancias de partida autorizadas para usarse na fabricación de materiais e obxectos plásticos

#### Introdución xeral

1. Este anexo establece a lista de monómeros e outras substancias de partida. A devandita lista contén:

a) Substancias destinadas a ser sometidas a polimerización, o que inclúe policondensación, poliadiación ou calquera outro proceso

similar, para producir macromoléculas.

b) Substancias macromoleculares naturais ou sintéticas utilizadas na fabricación de macromoléculas modificadas, sempre que os monómeros ou as outras substancias de partida necesarias para a síntese daquelas non estean incluídos na lista.

c) Substancias utilizadas para modificar as substancias macromoleculares naturais ou sintéticas xa existentes.

2. As substancias que se indican a seguir non se inclúen aínda que se utilicen intencionadamente e estean autorizadas:

a) sales (consideraranse sales dobres e sales ácidos) de aluminio, amonio, calcio, ferro, magnesio, potasio e sodio dos ácidos, fenois ou alcohois autorizados; porén, aparecen na lista nomes que conteñen a palabra "ácido(s) [...], sal(es)" en caso de que o/os correspondente(s) ácido(s) libre(s) non se mencione(n);

b) sales (consideraranse sales dobres e sales ácidos) de cinc dos ácidos, fenois ou alcohois autorizados. A estes sales aplícase-lles un LME de grupo = 25 mg/kg (expresado como Zn). A restrición aplicable ao Zn aplícase tamén:

i) ás substancias cuxo nome conteña "ácido(s) [...], sal(es)" que aparezan nas listas, en caso de que o/os correspondente(s) ácido(s) libre(s) non se mencione(n),

ii) ás substancias mencionadas na nota 38 do anexo III.

3. A lista tampouco inclúe as seguintes substancias, que poderían encontrarse no produto terminado:

a) Substancias que poderían encontrarse no produto terminado como:

i) Impurezas das substancias utilizadas.

ii) Produtos intermedios da reacción.

iii) Produtos de descomposición.

b) Oligómeros e substancias macromoleculares naturais ou sintéticas así como as súas mesturas, se os monómeros ou substancias de partida necesarios para sintetizalos están xa incluídos na lista.

c) Mesturas das substancias autorizadas.

Os materiais e obxectos que conteñan as substancias mencionadas nas alíneas a), b) e c) cumpriran os requisitos establecidos no artigo 3 do Regulamento (CE) n° 1935/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos e polo que se derrogan as directivas 80/590/CEE e 89/109/CEE.

4. As substancias autorizadas deberán ser de boa calidade técnica, en canto aos criterios de pureza.

5. A lista contén os seguintes datos:

a) Columna 1 (número Ref.): o número de referencia CEE da substancia de material da embalaxe, da lista.

b) Columna 2 (número CAS): o número de rexistro do CAS (Chemical Abstracts Service).

c) Columna 3 (nome): o nome químico.

d) Columna 4 (restricións e/ou especificacións).

Estas poden incluír:

a) O límite de migración específica (LME).

b) Cantidade máxima permitida de substancia no material ou obxecto terminado (CM).

c) Cantidade máxima permitida da substancia por unidade de superficie en contacto cos produtos alimenticios (CMA), por exemplo: mg (de substancia) por 6 dm<sup>2</sup> (de superficie de contacto cos produtos alimenticios).

d) Calquera outra restrición especificamente mencionada.

e) Calquera outro tipo de especificacións vinculadas á substancia ou ao polímero.

6. Se unha substancia que aparece na lista como composto illado tamén está incluída nun nome xenérico, as restricións aplicables a esta substancia serán as correspondentes ao composto illado.

7. En caso de desacordo entre o número do CAS e o nome químico, este último prevalecerá fronte ao primeiro. Se existe desacordo entre o número do CAS recollido no EINECS e no rexistro do CAS aplicarase este último.

8. Na columna 4 da táboa utilízanse unha serie de abreviaturas cuxo significado é o seguinte:

LD = límite de detección do método de análise.

PT = material ou obxecto terminado.

NCO = grupo funcional isocianato.

ND = non detectable. Para efectos deste real decreto, a expresión

«non detectable» significa que a substancia non se debería detectar por un método analítico validado que a detectase co límite de detección (LD) indicado. Se non existe un método tal no momento de realizar a análise, poderase empregar un método analítico coas debidas características ao límite de detección, á espera de que se desenvolva un método validado.

CM = Cantidade máxima permitida de substancia «residual» no material ou obxecto. Para os efectos deste real decreto, a cantidade de substancia no material ou obxecto determinarase mediante un método validado de análise. De non existir actualmente este método, podería utilizarse un método analítico que posúa a sensibilidade adecuada para determinar de modo fiable o límite especificado mentres se elabora un método validado.

CM(T) = cantidade máxima permitida de substancia «residual» no material ou obxecto, expresada como total dos grupos ou substancias indicados; para efectos deste real decreto, a cantidade da substancia no material ou obxecto determinarase por un método analítico validado; de non existir polo momento tal método, poderase empregar un método analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar de modo fiable o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

CMA = Cantidade máxima permitida da substancia no material ou obxecto terminado, expresada en mg por 6 dm<sup>2</sup> da superficie en contacto cos produtos alimenticios; para efectos deste real decreto, a cantidade da substancia na superficie do material ou obxecto determinarase por un método analítico validado; de non existir polo momento tal método, poderase empregar un método

analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar de modo fiable o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

CMA(T) = Cantidade máxima permitida de substancia «residual» no material ou obxecto, expresada como total dos grupos ou substancias indicados por 6 dm<sup>2</sup> da superficie en contacto cos produtos alimenticios; para efectos deste real decreto, a cantidade da substancia no material ou obxecto determinarase por un método analítico validado; de non existir polo momento tal método, poderase empregar un método analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar de modo fiable o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

LME = Límite de migración específica en alimentos ou en simulantes alimenticios, a menos que se indique o contrario; para efectos deste real decreto, a migración específica da substancia determinarase por un método analítico validado; de non existir polo momento tal método, poderase empregar un método analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar de modo fiable o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

LME(T) = Límite de migración específica en alimentos ou en simulantes alimenticios, expresado como total dos grupos ou substancias indicados; para efectos deste real decreto, a migración específica das substancias determinarase por un método analítico validado; de non existir polo momento tal método, poderase empregar un método analítico que posúa a sensibilidade necesaria para determinar de modo fiable o límite especificado, á espera de que se elabore un método validado.

## SECCIÓN A

67155	Mestura de 4-(2-benzoxazolil)-4'-(5-metil-2-benzoxazolil)estilbeno, 4,4'-bis(2-benzoxazolil)estilbeno e 4,4'-bis(5-metil-2-benzoxazolil)estilbeno A proporción da mestura obtida a partir do proceso de fabricación debe ser de (58-62%):(23-27%):(13-17%), que é a habitual
72081/10	Resinas de hidrocarburos de petróleo (hidroxenadas) Especificacións: As resinas de hidrocarburos de petróleo, hidroxenadas, prodúcense mediante a polimerización catalítica ou térmica de dienos e olefinas de tipo alifático, alicíclico e/ou arilalqueno monobencénico a partir de destilados de existencias de petróleo cun intervalo de ebulición que non supere os 220°C, así como os monómeros puros que se encontran nestes fluxos de destilado, seguidos de destilación, hidroxenación e transformación adicional. Propiedades Viscosidade: > 3 Pa.s a 120 °C. Punto de amolecemento : > 95 °C determinado polo método E 28-67ASTM. Número de bromo: < 40 (ASTM D1159) A cor dunha solución de 50 % en tolueno < 11 na escala Gardner. Monómeros aromáticos residuais ≤ 50 ppm.
76721	Polidimetilsiloxano (PM>6 800) Viscosidade mínima: $100 \times 10^{-6} \text{ m}^2/\text{s}$ (= 100 centistokes) a 25 °C
76845	Poliéster de 1,4-butanodiol con caprolactona Fracción PM<1000 é inferior a 0,5% (p/p)
76815	Ésteres de poliéster de ácido adípico con glicerol ou pentaeritritol, con ácidos graxos $C_{12}$ - $C_{22}$ non ramificados con número par de átomos de carbono Fracción PM<1000 é inferior a 5% (p/p)
77895	Éter monoalquílico ( $C_{16}$ - $C_{18}$ ) de polietilenglicol (EO = 2-6) A composición desta mestura é a seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>• éter monoalquílico (<math>C_{16}</math>-<math>C_{18}</math>) de polietilenglicol (EO = 2-6) (aprox. 28 %)</li> <li>• alcohois graxos (<math>C_{16}</math>-<math>C_{18}</math>) (aprox. 48 %)</li> <li>• éter monoalquílico (<math>C_{16}</math>-<math>C_{18}</math>) de etilenglicol (aprox. 24 %)</li> </ul>
79600	Fosfato de polietilenglicol éter tridecílico Fosfato de polietilenglicol (EO≤11) éter tridecílico (éster monoalquílico e dialquílico) cun contido máximo de polietilenglicol (EO≤11) éter tridecílico do 10 %
81500	Polivinilpirrolidona A substancia deberá cumprir os criterios de pureza establecidos no Real decreto 1917/97.

Número PM/REF	Outras especificacións
83595	<p>Produto de reacción de di-ter-butilfosfonito con bifenilo, obtido mediante condensación de 2,4-di-terc-butilfenol co produto de unha reacción Friedel Craft de tricloruro de fosforo e bifenilo.</p> <p>Composición:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4,4'-Bifenileno-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito] (N.º CAS 38613-77-3) (36-46 % p/p) (*)</li> <li>• 4,3'-Bifenileno-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito] (N.º CAS 118421-00-4) (17-23 % p/p) (*)</li> <li>• 3,3'-Bifenileno-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito] (N.º CAS 118421-01-5) (1-5 % p/p) (*)</li> <li>• 4-Bifenileno-0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito (N.º CAS 91362-37-7) (11-19 % p/p) (*)</li> <li>• Tris(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfite (N.º CAS 31570-04-4) (9-18 % p/p) (*)</li> <li>• 4,4'-Bifenileno-0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonato-0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito (N.º CAS 112949-97-0) (&lt; 5 % p/p) (*)</li> </ul> <p>Outras especificacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Contido de fósforo: min. 5,4 %, máx. 5,9 %</li> <li>• Índice de acidez: máx. 10 mg KOH/g</li> <li>• Intervalo de fusión: 85-110 °C</li> </ul>
88640	<p>Aceite de soia epoxidado</p> <p>Oxirano &lt;8%, número de iodo &lt;6</p>
95859	<p>Ceras refinadas derivadas de materias primas a base de petróleo ou de hidrocarburos sintéticos.</p> <p>O produto debe ter as especificacións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cantidade de hidrocarburos minerais cun número de carbonos inferior a 25: non máis de 5 % (p/p)</li> <li>• Viscosidade non inferior a <math>11 \times 10^{-6} \text{ m}^2/\text{s}</math> (= 11 centistokes) a 100 °C</li> <li>• Peso molecular medio non inferior a 500.</li> </ul>
95883	<p>Aceites minerais brancos, parafínicos, derivados de hidrocarburos a base de petróleo.</p> <p>O produto debe ter as especificacións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cantidade de hidrocarburos minerais cun número de carbonos inferior a 25: non máis de 5 % (p/p)</li> <li>• Viscosidade non inferior a <math>8,5 \times 10^{-6} \text{ m}^2/\text{s}</math> (= 8,5 centistokes) a 100 °C</li> <li>• Peso molecular medio non inferior a 480.</li> </ul>

(\*) Cantidade de substancia utilizada/cantidade de formulación.

## ANEXO VI

### Substancias lipofílicas a que se aplica o FRF

Nº Ref.	Nº CAS	Nombre
31520	061167-58-6	Acrilato de 2-terc-butil-6-(3-terc-butil-2-hidroxi-5-metilbencil)-4-metilfenilo
31530	123968-25-2	Acrilato de 2,4-di-terc-pentil-6-[1-(3,5-di-terc-pentil-2-hidroxifenil)etil]fenilo
31920	000103-23-1	Adipato de bis(2-etilhexilo)
38240	000119-61-9	Benzofenona
38515	001533-45-5	4,4'-Bis(2-benzoxazolil)etilbenceno
38560	007128-64-5	2,5-bis(5-terc-butil-2-benzoxazolil)tiofeno
38700	063397-60-4	Bis(isooctil mercaptoacetato) de bis(2-carbobutoxietil)estaño
38800	032687-78-8	N,N'-Bis[3-(3,5-di-terc-butil-4-hidroxifenil)propionil]hidrazida
38810	080693-00-1	Difosfite de bis(2,6-di-terc-butil-β4-metilfenil)pentaeritritol
38820	026741-53-7	Difosfite de bis(2,4-di-terc-butilfenil)pentaeritritol
38840	154862-43-8	Difosfite de bis(2,4-dicumilfenil)pentaeritritol
39060	035958-30-6	1,1-Bis(2-hidroxi-3,5-di-terc-butilfenil)etano
39925	129228-21-3	3,3-Bis(metoximetil)-2,5-dimetilhexano
40000	000991-84-4	2,4-Bis(octiltio)-6-(4-hidroxi-3,5-di-terc-butylanilino)-1,3,5-triazina
40020	110553-27-0	2,4-Bis(octiltiometil)-6-metilfenol
40800	013003-12-8	4,4'-butilidenbis(6-terc-butil-3-metilfenil-ditridecilo fosfite)
42000	063438-80-2	Tris(isooctil mercaptoacetato) de (2-carbobutoxietil)estaño
45450	068610-51-5	Copolímero p-cresol-diciclopendadieno-isobutileno
45705	166412-78-8	Ácido 1,2-ciclohexanodicarboxílico, diisononil éster



Nº Ref.	Nº CAS	Nombre
46720	004130-42-1	2,6-di-terc-butil-4-etilfenol
47540	027458-90-8	Disulfuro de di-terc-dodecilo
47600	084030-61-5	Bis(isooctil mercaptoacetato) de di-n-dodecilestaño
48800	000097-23-4	2,2'-Dihidroxi-5,5'-diclorodifenilmetano
48880	000131-53-3	2,2'-Dihidroxi-4-metoxibenzofenona
49485	134701-20-5	2,4-Dimetil-6-(1-metilpentadecil)fenol
49840	002500-88-1	Disulfuro de dioctadecilo
51680	000102-08-9	N,N'-Difeniltiourea
52320	052047-59-3	2-(4-Dodecilfenil)indol
53200	023949-66-8	2-Etoxi-2'-etiloxanilida
54300	118337-09-0	2,2'Etilidenbis(4,6-di-terc-butilfenil) fluorofosfonito
59120	023128-74-7	1,6-Hexametilenbis[3-(3,5-di-terc-butil-4-hidroxifenil)propionamida]
59200	035074-77-2	1,6-Hexametilenbis[3-(3,5-di-terc-butil-4-hidroxifenil)propionato]
60320	070321-86-7	2-[2-Hidroxi-3,5-bis(1,1-dimetilbencil)fenil]benzotriazol
60400	003896-11-5	2-(2'-Hidroxi-3'-terc-butil-5'-metilfenil)-5-clorobenzotriazol
60480	003864-99-1	2-(2'-Hidroxi-3,5'-di-terc-butil-fenil)-5-clorobenzotriazol
61280	003293-97-8	2-Hidroxi-4-n-hexiloxibenzofenona
61360	000131-57-7	2-Hidroxi-4-metoxibenzofenona
61600	001843-05-6	2-Hidroxi-4-n-octiloxibenzofenona
66360	085209-91-2	Fosfato de 2,2'-metilenbis(4,6-di-terc-butilfenil)sodio
66400	000088-24-4	2,2'-Metilenbis(4-etil-6-terc-butilfenol)
66480	000119-47-1	2,2'-Metilenbis(4-metil-6-terc-butilfenol)
66560	004066-02-8	2,2'Metilenbis(4-metil-6-ciclohexilfenol)
66580	000077-62-3	2,2'Metilenbis [4-metil-6-(1-metilciclohexil)fenol]
68145	080410-33-9	2,2',2''-Nitrilo[trietil tris(3,3',5,5'-tetra-terc-butil-1,1'-bifenil-2,2'-diil)fosfito]
68320	002082-79-3	3-(3,5-di-terc-butil-4-hidroxifenil)propionato de octadecilo
68400	010094-45-8	Octadecilerucamida
69840	016260-09-6	Oleilpalmitamida
71670	178671-58-4	Tetrakis (2-ciano-3,3-difenilacrilato) de pentaeritritol
72081/10	-	Resinas de hidrocarburos de petróleo (hidroxenadas)
72160	000948-65-2	2-Fenilindol
72800	001241-94-7	Fosfato de difenilo 2-etilhexilo
73160	-	Fosfatos de mono- e di-n-alquilo (C <sub>16</sub> e C <sub>18</sub> )
74010	145650-60-8	Fosfito de bis(2,4-di-terc-butil-6-metilfenilo) etilo
74400	-	Fosfito de tris(nonil- e/ou dinonilfenilo)
76866	-	Poliésteres de 1,2-propanodiol e/ou 1,3- e/ou 1,4-butanodiol e/ou polipiroilenglicol con ácido adípico, ademais co extremo encapsulado con ácido acético ou ácidos graxos C <sub>12</sub> -C <sub>18</sub> ou n-octanol e/ou n-decanol
77440	-	Diricinoleato de polietilenglicol
78320	009004-97-1	Monoricinoleato de polietilenglicol
81200	071878-19-8	Poli[6-[(1,1,3,3-tetrametilbutil)amino]-1,3,5-triazina-2,4-diil-[(2,2,6,6,-tetrametil-4-piperidil)imino-hexametileno-[(2,2,6,6-tetrametil-4-piperidil)imino

Nº Ref.	Nº CAS	Nombre
83599	068442-12-6	Produtos de reacción de oleato de 2-mercaptoetilo con diclorodimetilestano, sulfuro de sodio e triclorometilestano
83700	000141-22-0	Ácido ricinoleico
84800	000087-18-3	Salicilato de 4-terc-butilfenilo
92320	-	Éter de tetradecil-polioxietileno(OE=3-8) do ácido glicólico
92560	038613-77-3	Difosfonito de tetrakis(2,4-di-terc-butilfenil)-4,4'-bifenileno
92700	078301-43-6	Polímero de 2,2,4,4-tetrametil-20-(2,3-epoxipropil)-7-oxa-3,20-diazadiazepiro[5.1.11.2]-henecosan-21-ona
92800	000096-69-5	4,4'-Tiobis(6-terc-butil-3-metilfenol)
92880	041484-35-9	Bis[3-(3,5-di-terc-butil-4-hidroxifenil)propionato] de tiodietanol
93120	000123-28-4	Tiodipropionato de didodecilo
93280	000693-36-7	Tiodipropionato de dioctadecilo
95270	161717-32-4	Fosfito de 2,4,6-tris(terc-butil)fenilo 2-butyl-2-etil-1,3-propanodiol
95280	040601-76-1	1,3,5-Tris(4-terc-butyl-3-hidroxi-2,6-dimetilbencil)-1,3,5-triazina-2,4,6 (1H,3H,5H)-triona
95360	027676-62-6	1,3,5-Tris(3,5-di-terc-butyl-4-hidroxibencil)-1,3,5-triazina-2,4,6(1H,3H,5H)-triona
95600	001843-03-4	1,1,3-Tris(2-metil-4-hidroxi-5-terc-butylfenil)butano

## ANEXO VII

### Declaración de conformidad

A declaración por escrito prevista no artigo 13 conterá a seguinte información:

1) a identidade e o enderezo do explotador dunha empresa alimentaria que fabrique ou importe os materiais ou obxectos plásticos así como as substancias destinadas á fabricación de tales materiais e obxectos.

2) a identidade dos materiais, os obxectos ou as substancias destinadas á fabricación de tales materiais e obxectos.

3) a data da declaración.

4) a confirmación de que os materiais ou os obxectos plásticos cumpren os requisitos pertinentes establecidos neste real decreto e no Regulamento 1935/2004.

5) información adecuada sobre as substancias utilizadas para as cales existan restricións e/ou especificacións conforme o presente real decreto a fin de permitir que os explotadores de empresas que utilicen posteriormente os produtos garantan o cumprimento destas restricións.

6) información adecuada sobre as substancias que están sometidas a unha restrición en alimentos, obtida mediante datos experimentais ou cálculos teóricos sobre o nivel da súa migración específica e, cando proceda, os criterios de pureza de conformidade co Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, o Real decreto 2107/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos corantes utilizados en produtos alimenticios, e o Real decreto 1917 /1997, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos aditivos alimentarios distintos de corantes e edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, a fin de permitir que os usuarios destes materiais ou obxectos cumpran as disposicións comunitarias pertinentes ou, na falta destas, as disposicións nacionais aplicables aos alimentos.

7) especificacións sobre o uso do material ou do obxecto, tales como:

i) tipo ou tipos de alimentos con que se prevé que entrará en contacto,

ii) duración e temperatura do tratamento e almacenamento en contacto cos alimentos,

iii) relación entre a superficie en contacto co alimento e o volume que se utilizou para determinar que o material ou o obxecto cumpren os requisitos.

8) Cando se utilice unha barreira funcional de plástico nun material ou obxecto plástico de varias capas, a confirmación de que o material ou o obxecto cumpre os requisitos dos números 2, 3 e 4 do artigo 11 deste real decreto.

A declaración por escrito deberá permitir unha fácil identificación dos materiais, os obxectos ou as substancias para as cales se redactou, e deberá renovarse cando se produzan cambios substanciais da produción que provoquen cambios na migración, ou cando se dispoña de novos datos científicos.

## ANEXO VIII

### Lista dos simulantes que se deben utilizar para controlar a migración dos compoñentes dos materiais e obxectos de material plástico destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios

1. Na lista, non exhaustiva, de produtos alimenticios, que se inclúe máis adiante, establécense os simulantes que se deberán utilizar nas probas de migración con respecto a un produto alimenticio ou a un grupo de produtos alimenticios e indicáranse coas abreviaturas seguintes:

Simulante A: auga destilada ou auga de calidade equivalente.

Simulante B: ácido acético ao 3 por 100 (P/V), en solución acuosa.

Simulante C: etanol ao 10 por 100 (V/V), en solución acuosa.

Simulante D: aceite de oliva rectificad (ver punto 8.a)). Cando por razóns técnicas ligadas ao método de análise sexa necesario utilizar outros simulantes, o aceite de oliva deberá substituírse por unha mestura de triglicéridos sintéticos (ver punto 8.b)) ou por aceite de xirasol (ver punto 8.c)). Se todos os simulantes citados como simulante D resultan inapropiados, poderán utilizarse outros simulantes así como outras condicións de tempo e temperatura.

Non obstante, o simulante A debe utilizarse unicamente nos casos mencionados especificamente no cadro das condicións de ensaio.

2. Por cada produto alimenticio ou por cada grupo de produtos alimenticios só se utilizará o ou os simulantes indicados co signo X, utilizando para cada simulante unha nova mostra do material ou obxecto de que se trate. A ausencia do signo X significa que para a devandita partida ou subpartida non se requirirá ningunha proba.

3. Cando o signo X apareza seguido por unha cifra, da que estea separado por unha raia oblicua, o resultado das probas de migración deberá dividirse por esa cifra. No caso de determinados tipos de alimentos graxos, esta cifra convencional, denominada "factor

de redución do simulante D (Simulant D Reduction Factor – DRF); utilizarase para ter en conta a maior capacidade extractiva do simulante en comparación co alimento.

4. Se o signo X estiver acompañado, entre parénteses, da letra a, só se deberá utilizar un dos dos simulantes indicados:

a) Se o pH do produto alimenticio for superior a 4,5 utilizarase o simulante A.

b) Se o pH do produto alimenticio for inferior ou igual a 4,5 utilizarase o simulante B.

5. Cando se presente entre parénteses a letra (b) despois do signo X, a proba indicada efectuarase con etanol ao 50 % (v/v).

6. Se un produto alimenticio figurase na lista tanto baixo unha partida específica como baixo unha partida xeral, deberase utilizar unicamente o ou os simulante(s) previsto(s) baixo a partida específica.

7. Cando o produto alimenticio ou o grupo de produtos alimenticios non estean incluídos na lista de produtos alimenticios que se inclúe máis adiante, os ensaios efectuaranse utilizando, entre os simulantes de alimentos indicados no punto 1, aqueles que máis se asemellen ao comportamento real do alimento.

8. Características que deben reunir os produtos incluídos na epígrafe simulante D:

a) Características do aceite de oliva rectificado:

Índice de iodo (Wijs) = 80-88

Índice de refracción a 25°C = 1,4665-1,4679

Acidez (expresada en porcentaxe de ácido oleico) = 0,5 por 100 máximo

Índice de peróxidos (expresados en miliequivalentes de oxíxeno por kg de aceite) = 10 máximo

b) Composición da mestura de triglicéridos sintéticos:

Distribución dos ácidos graxos

Número de átomos de C nos residuos de ácidos graxos: 6, 8, 10, 12, 14, 16, 18, outros

Área GLC (porcentaxe): 1, 6-9, 8-11, 45-52, 12-15, 8-10, 8-12, ≤1

Pureza:

Contido en monoglicéridos (determinado por vía enzimática): ≤0,2 por 100

Contido de diglicéridos (determinado por vía enzimática): ≤2,0 por 100

Materias non saponificables: ≤0,2 por 100

Índice de iodo (Wijs): ≤0,1 por 100

Índice de acidez: ≤0,1 por 100

Contido en auga (K. Fischer): ≤0,1 por 100

Punto de fusión: 28±2 °C

Espectro de absorción típica (cubeta de 1 cm ; referencia: auga a 35 °C)

Lonxitude de onda (nm): 290 310 330 350 370 390 430 470 510

Transmisión (porcentaxe): 2 15 37 64 80 88 95 97 98

Ao menos 10 por 100 de transmitancia de luz a 310 nm (cubeta de 1 cm ; referencia: auga a 35 °C)

c) Características do aceite de xirasol:

Índice do iodo (Wijs): 120-145

Índice de refracción a 20 °C: 1,474-1,476

Índice de saponificación: 188-193

Densidade relativa a 20 °C: 0,918-0,925

Materias non saponificables: 0,5 por 100-1,5 por 100.

Número de referencia	Denominación dos produtos alimenticios	Simulantes que se deberán utilizar			
		A	B	C	D
01	Bebidas				
01.01	Bebidas non alcohólicas ou bebidas alcohólicas cuxo grao alcohólico sexa de menos de 5% de vol.				
	Augas, sidras, zumes de froitas ou de hortalizas, simples ou concentrados, mostos, néctares de froitas, limoadas, sodas, xaropes, bíter, infusións, café, té, chocolate líquido, cervexas e outros.	X(a)	X(a)		
01.02	Bebidas alcohólicas cuxo grao alcohólico sexa de 5% de vol. ou máis:				
	Bebidas clasificadas baixo a partida número 01.01 pero cuxo grao alcohólico sexa de 5% de vol. ou máis: viños, augardentes, licores.		X*	X**	
01.03	Diversos: alcohol etílico sen desnaturalizar.		X*	X**	
02	Cereais, derivados dos cereais, produtos de galletaría, de panadaría e de pastelería.				
02.01	Amidóns e féculas.				
02.02	Cereais en estado natural, en flocos, en láminas (incluídos o millo inflado e os pétalos de millo e outros).				
02.03	Fariñas de cereais e sémolas.				
02.04	Pastas alimenticias				
02.05	Produtos secos de panadaría, galletaría e produtos secos de pastelería:				
	A. Que presenten materias graxas na súa superficie.				X/5
	B. Outros.				
02.06	Produtos frescos de panadaría e pastelería:				
	A. Que presenten materias graxas na súa superficie.			X/5	
	B. Outros	X			
03	Chocolates, azucres e os seus derivados, produtos de confeitaría.				

Número de referencia	Denominación dos produtos alimenticios	Simulantes que se deberán utilizar			
		A	B	C	D
03.01	Chocolates, produtos recubertos de chocolate, sucedáneos e produtos recubertos de sucedáneos.				X/5
03.02	Produtos de confeitaria:				
	A. En forma sólida:				
	I. Que presenten materias graxas na súa superficie.				X/5
	II. Outros.				
	B. En forma de pasta:				
	I. Que presenten materias graxas na súa superficie.				X/3
	II. Húmidos.	X			
03.03	Azucres e artigos de confeitaria:				
	A. En forma sólida.				
	B. Mel e similares.	X			
	C. Melazas ou xaropes de azucre.	X			
04	Froitas, hortalizas e os seus derivados.				
04.01	Froitas enteiras, frescas ou refrixeradas.				
04.02	Froitas transformadas:				
	A. Froitas secas ou deshidratadas, enteiras ou en forma de fariña ou de po.				
	B. Froitas en anacos, ou en forma de puré ou de pasta.	X(a)	X(a)		
	C. Froitas en conserva (marmeladas e produtos similares, froitas enteiras ou en anacos, en forma de fariña ou de po, conservas nun medio líquido):				
	I. Nun medio acuoso.	X(a)	X(a)		
	II Nun medio oleoso	X(a)	X(a)		X
	III. Nun medio alcohólico (≥5 por 100 vol)		X*	X	
04.03	Froitas de casca (cacahuetes, castañas, amédoas, abelás, noces comúns, piñóns e outros):				
	A. Sen casca, secados.				
	B. Sen casca e torrados.				X/5***
	C. En forma de pasta ou de crema.	X			X/3***
04.04	Hortalizas enteiras, frescas ou refrixeradas.				
04.05	Hortalizas transformadas:				
	A. Hortalizas secas ou deshidratadas, enteiras, en forma de fariña ou de po.				
	B. Hortalizas en anacos, en forma de puré.	X(a)	X(a)		
	C. Hortalizas en conservas:				
	I. Nun medio acuoso.	X(a)	X(a)		
	II. Nun medio oleoso.	X(a)	X(a)		X
	III. Nun medio alcohólico (≥5 por 100 vol).		X*	X	
05	Graxas e aceites.				
05.01	Graxas e aceites animais e vexetais, naturais ou elaborados (incluídos a manteiga de cacao, a manteiga, a manteiga fundida).				X
05.02	Margarina, manteiga e outras materias graxas compostas de emulsións de auga en aceite.				X/2
06	Produtos animais e ovos.				

Número de referencia	Denominación dos produtos alimenticios	Simulantes que se deberán utilizar			
		A	B	C	D
06.01	Peixes:				
	A. Frescos, refrixerados, salgados, afumados.	X			X/3***
	B. En forma de pasta.	X			X/3***
06.02	Crustáceos e moluscos (incluídos as ostras, os mexillóns e os caracois) que non estean protexidos naturalmente polo seu cacho ou a súa cuncha.	X			
06.03	Carnes de todas as especies zoolóxicas (incluídas as aves de curral e a caza):				X/4
	A. Frescas, refrixeradas, salgadas, afumadas.	X			X/4
	B. En forma de pasta, de crema.	X			
06.04	Produtos transformados a base de carne (xamón, salchichón, touciño veado e outros).	X			X/4
06.05	Conservas ou semiconservas de carne ou de peixe.				
	A. Nun medio acuoso.	X(a)	X(a)		
	B. Nun medio oleoso.	X(a)	X(a)		X
06.06	Ovos sen casca:				
	A. En po ou secados.				
	B. Outros.	X			
06.07	Xema de ovo.				
	A. Líquida	X			
	B. En po ou conxelada				
06.08	Clara de ovo secada.				
7	Produtos lácteos				
07.01	Leite:				
	A. Enteiro				X(b)
	B. Parcialmente deshidratado				X(b)
	C. Parcial ou totalmente desnatado				X(b)
	D. Totalmente deshidratado				
07.02	Leite fermentado, como o iogur, o leite batido e produtos similares		X		X(b)
07.03	Nata e nata ácida		X(a)		X(b)
07.04	Queixos:				
	A. Enteiros, con tona non comestible				
	B. Todos os demais	X(a)	X(a)		X/3*
07.05	Callo				
	A. líquido ou pastoso	X(a)	X(a)		
	B. en po ou secado				
08	Produtos diversos.				
08.01	Vinagre.		X		
08.02	Alimentos fritos ou asados:				
	A. Patacas fritidas, chulas e outros.				X/5
	B. De orixe animal.				X/4

Número de referencia	Denominación dos produtos alimenticios	Simulantes que se deberán utilizar			
		A	B	C	D
08.03	Preparación de sopas, potaxes ou caldos preparados (extractos, concentrados), preparacións alimenticias heteroxéneas homoxeneizadas, pratos preparados:				
	A. En po ou secados:				
	I. Que presenten materias graxas na súa superficie.				X/5
	II. Outros				
	B. Líquidos ou pastosos:				
	I. Que presenten materias graxas na súa superficie.	X(a)	X(a)		X/3
	II. Outros.	X(a)	X(a)		
08.04	Fermentos.				
	A. En pasta.	X(a)	X(a)		
	B. Secos.				
08.05	Sal de cociña.				
08.06	Salsas:				
	A. Que non presenten materias graxas na súa superficie.	X(a)	X(a)		
	B. Maionesa, salsas derivadas da maionesa, nata para ensalada e outras salsas emulsionadas (emulsión de tipo de aceite en auga).	X(a)	X(a)		X/3
	C. Salsa que conteña aceite e auga que formen dúas capas distintas.	X(a)	X(a)		X
08.07	Mostazas (con excepción das mostazas en po da partida número 08.17).	X(a)	X(a)		X/3***
08.08	Rebandas de pan, sándwiches, torradas e outros que conteñan calquera clase de alimentos:				
	A. Que presenten materias graxas na súa superficie.				X/5
	B. Outros.				
08.09	Xeados.	X			
08.10	Alimentos secos:				
	A. Que presenten materias graxas na súa superficie.				
	B. Outros.				X/5
08.11	Alimentos conxelados ou superconxelados.				
08.12	Extractos concentrados cuxo grao alcohólico sexa do 5 por 100 de vol. de alcohol ou máis.		X*	X	
08.13	Cacao:				
	A. Cacao en po.				X/5***
	B. Cacao en pasta.				X/3***
08.14	Café, mesmo torrado ou descafeinado ou soluble, sucedáneos de café granulado ou en po				
08.15	Extractos de café líquido	X			
08.16	Plantas aromáticas e outras plantas: macela, malva, menta, té, tila e outras.				
08.17	Especias e aromas no seu estado normal: canela, cravo, mostaza en po, pementa, vainilla, azafrán e outros.				

## Notas:

(\*) Esta proba efectuarase unicamente no caso en que o pH sexa inferior ou igual a 4,5.

(\*\*) Esta proba poderase efectuar, en caso de líquidos ou de bebidas cuxo grao de alcohol sexa máis de 10 por cento de vol. de alcohol, con etanol en solución acuosa dunha concentración análoga.

(\*\*\*) Se, cunha proba apropiada, for posible demostrar que non se establecerá ningún "contacto graxo" co material plástico, poderá omitirse a proba co simulante D.

## ANEXO IX

**Normas básicas para a verificación global e específica da migración***Introdución*

1. "Os ensaios de migración" para a determinación da migración específica e global efectuaranse utilizando os "simulantes de alimentos", recollidos no capítulo I, e nas "condicións convencionais de ensaio da migración", establecidas no capítulo II.

2. "Os ensaios substitutivos" que utilizan os "medios de ensaio" consonte as "condicións convencionais de ensaios substitutivos", tal como se establece no capítulo III, levaranse a cabo se o ensaio de migración que utiliza os simulantes de alimentos graxos (véxase o capítulo I) non é viable por razóns técnicas relativas ao método de análise.

3. Cando se reúnan as condicións especificadas no capítulo IV, en lugar dos ensaios de migración con simulantes de alimentos graxos pódense permitir "os ensaios alternativos" indicados no capítulo IV.

4. Nos tres casos pódese permitir:

a) Reducir o número de ensaios que hai que realizar a aquel ou aqueles que, no caso concreto obxecto de exame, se admitan

comunmente como os máis estritos sobre a base das probas científicas.

b) Omitir os ensaios de migración, ou os substitutivos ou os alternativos, cando existan probas concluíntes de que os límites da migración non poden ser superados en ningunha das condicións previsibles de uso do material ou obxecto.

## CAPÍTULO I

## SIMULANTES DE ALIMENTOS

I. *Introdución*

Non sempre é posible utilizar alimentos para examinar os materiais en contacto cos produtos alimenticios, polo que se utilizan simulantes de alimentos. Por convención clasifícanse segundo teñan as características de un ou máis tipos de alimentos. Os tipos de alimentos e os simulantes de alimentos que se deberán utilizar indícanse no cadro 1. Na práctica son posibles varias mesturas de tipos de alimentos, por exemplo, alimentos graxos e alimentos acuosos. A súa descrición encóntrase no cadro 2, acompañada da indicación do simulante ou simulantes de alimentos que hai que seleccionar ao levar a cabo os ensaios de migración.

**CADRO 1.- Tipos de alimentos e simulantes de alimentos**

Tipo de alimentos	Clasificación convencional	Simulante de alimento	Abreviatura
Alimentos acuosos (é dicir, alimentos acuosos que teñan un pH > 4,5).	Produtos alimenticios cuxo ensaio só está prescrito co simulante A.	Auga destilada ou auga de calidade equivalente.	Simulante A.
Alimentos ácidos (é dicir, alimentos acuosos que teñan un pH < 4,5).	Produtos alimenticios cuxo ensaio só está prescrito co simulante B.	Ácido acético ao 3% (p/v).	Simulante B.
Alimentos alcohólicos.	Produtos alimenticios cuxo ensaio só está prescrito co simulante C.	Etanol ao 10% (v/v). Esta concentración axustarase á gradación alcohólica real do alimento se é superior ao 10% (v/v).	Simulante C.
Alimentos graxos.	Produtos alimenticios cuxo ensaio só está prescrito co simulante D.	Aceite de oliva rectificadado ou outros simulantes de alimentos graxos.	Simulante D.
Alimentos secos.		Ningún.	Ningunha.

II. *Selección dos simulantes de alimentos*

1. Materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con todo tipo de alimentos:

Os ensaios efectuaranse utilizando os simulantes de alimentos indicados a continuación, que son considerados os máis estritos, nas condicións de ensaio especificadas no capítulo II, tomando unha nova mostra do material ou obxecto plástico para cada simulante:

- Ácido acético ao 3 por cento (p/v) en solución acuosa
- Etanol ao 10 por cento (v/v) en solución acuosa
- Aceite de oliva rectificadado ("simulante D de referencia")

Non obstante, este simulante D de referencia pode substituírse por unha mestura sintética de triglicéridos ou de aceite de xirasol ou de aceite de millo con especificacións normalizadas ("outros simulantes de alimentos graxos", denominados "simulantes D"). Se ao utilizar calquera destes outros simulantes de alimentos graxos se superan os límites da migración, para determinar o incumprimento é obrigatorio unha confirmación do resultado utilizando aceite de oliva, cando sexa tecnicamente posible. Se esta confirmación non é tecnicamente posible e o material ou obxecto supera os límites da migración, considerarase que non cumpre os requisitos deste real decreto.

2. Materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con tipos específicos de alimentos:

Este caso refírese unicamente ás seguintes situacións:

a) Cando o material ou obxecto xa está en contacto cun produto alimenticio coñecido.

b) Cando o material ou obxecto vai acompañado, de conformidade coas normas do artigo 15 do Regulamento 1935/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, dunha mención específica que indica con que tipos de alimentos descritos no cadro 1 pode ou non utilizarse, por exemplo "só para alimentos acuosos".

c) Cando o material ou obxecto vai acompañado, de conformidade coas normas do artigo 15 do Regulamento 1935/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, dunha mención específica que indica con que produtos alimenticios ou grupos de produtos alimenticios mencionados na lista de denominacións de produtos alimenticios e simulantes poden ou non utilizarse. Esta indicación expresarase:

i) Nas fases de comercialización distintas á fase de venda a retalho, utilizando o "número de referencia" ou a "denominación dos produtos alimenticios" que figura na lista de denominacións de produtos alimenticios e simulantes citada anteriormente.

ii) Na fase de venda a retalho, utilizando unha indicación que se refire unicamente a uns poucos alimentos ou grupos de alimentos, preferentemente con exemplos facilmente comprensibles.

Nestas situacións, os ensaios efectuaranse utilizando no caso b) o simulante ou simulantes de alimentos indicados como exemplos no cadro 2, e nos casos a) e c), o simulante ou simulantes mencionados na lista de denominacións de produtos alimenticios e simulantes. Se os produtos alimenticios ou grupos de produtos alimenticios non se inclúen na lista aludida, deberase seleccionar o elemento do cadro 2 que se asemelle máis ao produto alimenticio ou grupo de produtos alimenticios obxecto de exame.

Se o material ou obxecto está destinado a entrar en contacto con máis dun produto alimenticio ou grupo de produtos alimenticios con distintos coeficientes de redución, aplicaranse a cada produto alimenticio os coeficientes de redución adecuados ao resultado do ensaio. Se un ou máis resultados dese cálculo supera os límites, entón o material non é apto para ese produto alimenticio concreto ou grupo de produtos alimenticios.

Os ensaios levaranse a cabo nas condicións de ensaio especificadas no capítulo II, tomando unha nova mostra para cada simulante.

**CADRO 2.- Simulantes de alimentos que se deberán seleccionar para examinar, en casos especiais, materiais destinados a entrar en contacto con alimentos**

Alimentos de contacto	Simulante
Só alimentos acuosos	Simulante A
Só alimentos ácidos	Simulante B
Só alimentos alcohólicos	Simulante C
Só alimentos graxos	Simulante D
Todos os alimentos acuosos e ácidos	Simulante B
Todos os alimentos acuosos e alcohólicos	Simulante C
Todos os alimentos ácidos e alcohólicos	Simulantes B e C
Todos os alimentos acuosos e graxos	Simulantes A e D
Todos os alimentos ácidos e graxos	Simulantes B e D
Todos os alimentos acuosos, alcohólicos e graxos	Simulantes C e D
Todos os alimentos ácidos, alcohólicos e graxos	Simulantes B, C e D

**CAPÍTULO II**

**CONDICIÓN CONVENCIONAL PARA OS ENSAIOS DE MIGRACIÓN CON SIMULANTES DE ALIMENTOS**

**I. Condicións de ensaio de migración (tempos e temperaturas)**

As probas de migración efectuaranse elixindo, entre os tempos e temperaturas indicados no cadro 3, aqueles que correspondan ás peores condicións previsibles do contacto dos materiais e obxectos plásticos en estudo e a calquera información de etiquetaxe sobre a temperatura máxima de emprego. Por iso, se o material ou obxecto plástico está destinado a unha aplicación de contacto con alimentos cuberta por unha combinación de dous ou máis tempos e temperaturas seleccionados do cadro, o ensaio de migración levarase a cabo sometendo a mostra sucesivamente a todas as peores condicións aplicables previsibles adecuadas á mostra, utilizando a mesma porción de simulante de alimento.

**II. Condicións de contacto comunmente recoñecidas máis estritas**

En aplicación dos criterios xerais segundo os cales a determinación da migración se circunscribirá ás condicións de ensaio que, no caso específico examinado, sexan recoñecidas como as máis estritas de acordo cos datos científicos, a continuación ofrécense algúns exemplos concretos de condicións de contacto durante os ensaios.

1. Materiais e obxectos de materia plástica destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios en calquera condición de tempo e temperatura: Se non hai etiqueta ou instrucións que indiquen a temperatura e o tempo de contacto previsibles nas condicións reais de utilización, os ensaios deberán efectuarse utilizando, segundo o tipo de alimentos, os simulantes A e/ou B e/ou C durante catro horas a 100 °C ou durante catro horas á temperatura de refluxo, e/ou o simulante D durante dúas horas soamente a 175 °C.

Estas condicións de tempo e temperatura son por convención consideradas as máis estritas.

2. Materiais e obxectos de materia plástica destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios á temperatura ambiente ou a unha temperatura inferior durante un período non especificado: se a etiqueta indica que os materiais ou obxectos están destinados a unha utilización a temperatura ambiente ou a unha temperatura inferior, ou se pola súa natureza é evidente que están destinados a unha utilización a temperatura ambiente ou a unha temperatura inferior, o ensaio efectuarase a 40 °C durante 10 días. Estas condicións de tempo e temperatura son por convención consideradas as máis estritas.

**III. Substancias migrantes volátiles**

Para a migración específica de substancias volátiles, os ensaios con simulantes efectuaranse de tal maneira que se evidencie a perda de substancias migrantes volátiles que poida producirse nas peores condicións de utilización previsibles.

**IV. Casos especiais**

1. Nos ensaios de migración dos materiais e obxectos de materia plástica para uso en fornos de microondas, utilizarase un forno convencional ou un forno de microondas nas condicións de tempo e temperatura pertinentes seleccionadas do cadro 3.

2. Se, como consecuencia dos ensaios nas condicións de contacto especificadas no cadro 3, se producen cambios físicos ou doutro tipo na mostra que non se producen nas peores condicións previsibles de uso do material ou obxecto examinado, os ensaios de migración levaranse a cabo nas peores condicións previsibles de uso en que estes cambios físicos ou doutro tipo non teñan lugar.

3. Non obstante as condicións previstas no cadro 3 e no punto II, se un material ou obxecto de materia plástica pode utilizarse na práctica durante períodos inferiores a 15 minutos a temperaturas entre 70 °C e 100 °C (por exemplo, "enchemento en quente") e isto se indica adecuadamente na etiqueta ou nas instrucións, só haberá que efectuar o ensaio de dúas horas a 70 °C. Non obstante, se o material ou obxecto está destinado tamén para a conservación a temperatura ambiente, o mencionado ensaio substituirase por un ensaio a 40 °C durante 10 días, por convención considerado o máis estrito.

4. Naqueles casos en que as condicións convencionais do ensaio de migración non estean adecuadamente cubertas polas condicións de contacto do ensaio do cadro 3 (por exemplo, temperaturas de contacto superiores a 175 °C ou tempos de contacto inferior a cinco minutos), poden utilizarse outras condicións de contacto que sexan máis apropiadas ao caso examinado, sempre que as condicións seleccionadas poidan supor as peores condicións previsibles de contacto para os materiais ou obxectos de materia plástica examinados.

**CADRO 3. Condicións convencionais para os ensaios de migración con simulantes de alimentos**

Condicións de contacto nas peores condicións de uso previsibles	Condicións de ensaio
Duración do contacto:	Duración do ensaio:
$t \leq 5$ min.	Véxanse as condicións do punto IV.4.
$5 \text{ min} < t \leq 0,5$ horas	0,5 horas.
$0,5 \text{ h} < t \leq 1$ hora	1 hora.
$1 \text{ h} < t \leq 2$ horas	2 horas.
$2 \text{ h} < t \leq 4$ horas	4 horas.
$4 \text{ h} < t \leq 24$ horas	24 horas.
$t > 24$ horas	10 días.
Temperatura de contacto:	Temperatura do ensaio:
$T \leq 5$ °C	5 °C
$5$ °C < $T \leq 20$ °C	20 °C
$20$ °C < $T \leq 40$ °C	40 °C
$40$ °C < $T \leq 70$ °C	70 °C
$70$ °C < $T \leq 100$ °C	100 °C ou temperatura de refluxo
$100$ °C < $T \leq 121$ °C	121 °C (*)
$121$ °C < $T \leq 130$ °C	130 °C (*)
$130$ °C < $T \leq 150$ °C	150 °C (*)
$T > 150$ °C	175 °C (*)

(\*) Esta temperatura utilizarase só para o simulante D. Para os simulantes A, B ou C, o ensaio pode substituírse por un ensaio a 100 °C ou a temperatura de refluxo durante catro veces o tempo seleccionado consonte as normas xerais do punto I.



## CAPÍTULO III

## ENSAIOS SUBSTITUTIVOS DE MATERIAS GRAXAS PARA A MIGRACIÓN GLOBAL E ESPECÍFICA

1. Se non poden usarse simulantes de alimentos graxos por razóns técnicas relacionadas co método de análise, utilizaranse no seu lugar todos os medios de ensaio prescritos no cadro 4, nas condicións de ensaio correspondentes ás condicións de ensaio relativas ao simulante D.

Este cadro proporciona algúns exemplos das condicións convencionais máis importantes de ensaio da migración e as súas correspondentes condicións convencionais de ensaio substitutivo. Para as demais condicións de ensaio non recollidas no cadro 4, teranse en conta estes exemplos, así como a experiencia de que se dispoña para o tipo de polímero obxecto de exame.

Débase usar para cada ensaio unha nova mostra e aplicar en cada medio de ensaio as mesmas normas prescritas nos capítulos I e II para o simulante D. De ser o caso, deben utilizarse os coeficientes de redución establecidos na lista de produtos alimenticios e simulantes. Para cerciorarse de que se cumpren todos os límites de migración, seleccionárase o maior valor obtido utilizando todos os medios de ensaio.

Non obstante, se se comproba que a realización dos ensaios provoca na mostra modificacións físicas ou doutro tipo, que non se producen nas peores condicións previsibles de uso do material ou obxecto en exame, descartárase o resultado destes medios de ensaio e seleccionárase o maior dos valores restantes.

2. Non obstante o disposto no punto 1, poderán omitirse un ou dous dos ensaios substitutivos previstos no cadro 4, se tales ensaios se consideran xeralmente inapropiados para a mostra en exame sobre a base de datos científicos.

**CADRO 4 Condicións convencionais para os ensaios substitutivos.**

Condicións de ensaio co simulante D	Condicións de ensaio con isooctano	Condicións de ensaio con etanol ao 95 por cento	Condicións de ensaio con MPPO (*)
10 d-5 °C	0,5 d-5 °C	10 d-5 °C	—
10 d-20 °C	1 d-20 °C	10 d-20 °C	—
10 d-40 °C	2 d-20 °C	10 d-40 °C	—
2 h-70 °C	0,5 h-40 °C	2,0 h-60 °C	—
0,5 h-100 °C	0,5 h-60 °C (**)	2,5 h-60 °C	0,5 h-100 °C
1 h-100 °C	1,0 h-60 °C (**)	3,0 h-60 °C (**)	1 h-100 °C
2 h-100 °C	1,5 h-60 °C (**)	3,5 h-60 °C (**)	2 h-100 °C
0,5 h-121 °C	1,5 h-60 °C (**)	3,5 h-60 °C (**)	0,5 h-121 °C
1 h-121 °C	2 h-60 °C (**)	4 h-60 °C (**)	1 h-121 °C
2 h-121 °C	2,5 h-60 °C (**)	4,5 h-60 °C (**)	2 h-121 °C
0,5 h-130 °C	2,0 h-60 °C (**)	4,0 h-60 °C (**)	0,5 h-130 °C
1 h-130 °C	2,5 h-60 °C (**)	4,5 h-60 °C (**)	1 h-130 °C
2 h-150 °C	3,0 h-60 °C (**)	5,0 h-60 °C (**)	2 h-150 °C
2 h-175 °C	4,0 h-60 °C (**)	6,0 h-60 °C (**)	2 h-175 °C

(\*) MPPO = óxido de polifenileno modificado

(\*\*) Os medios de ensaio volátiles úsanse ata unha temperatura máxima de 60 °C. Unha condición previa de utilización dos ensaios substitutivos é que o material ou obxecto soporte as condicións de ensaio que se utilizarían noutro caso cun simulante D. Somerxer unha mostra en aceite de oliva nas condicións adecuadas. Se as propiedades físicas se modifican (por exemplo, fusión ou deformación), entón o material considérase non apto para uso a esa temperatura. Se as propiedades físicas non se modifican, continuar os ensaios substitutivos utilizando novas mostras

## CAPÍTULO IV

## ENSAIOS ALTERNATIVOS DE MATERIAS GRAXAS PARA A MIGRACIÓN GLOBAL E ESPECÍFICA

1. Pódese permitir o uso do resultado de ensaios alternativos, tal como se especifica neste capítulo, sempre que se cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que os resultados obtidos nun "ensaio de comparación" mostren que os valores son iguais ou superiores aos obtidos no ensaio co simulante D.

b) Que a migración en ensaios alternativos non supere os límites de migración, unha vez aplicados os coeficientes de redución adecuados, establecidos no cadro de produtos alimenticios e simulantes que se encontra no anexo VIII.

Se non se cumpre algunha destas condicións, deberán levarse a cabo os ensaios de migración.

2. Non obstante a condición previamente mencionada na alínea a) do punto 1, é posible deixar de efectuar o ensaio de comparación se existe outra proba concluínte, baseada en resultados científicos experimentais, de que os valores obtidos no ensaio alternativo son iguais ou superiores aos obtidos no ensaio de migración.

3. Ensaio alternativo:

a) Ensaio alternativo con medios volátiles: estes ensaios utilizan medios volátiles como isooctano ou etanol ao 95 por cento ou outros solventes volátiles ou mestura de solventes. Levaranse a cabo en condicións de contacto tales que se cumpra a condición establecida na alínea a) do punto 1.

b) Ensaio de extracción: pódense usar outros ensaios que utilicen medios cun poder de extracción moi forte en condicións de ensaio moi estritas, se está recoñecido de maneira xeral sobre a base de datos científicos que os resultados obtidos utilizando estes ensaios ("ensaios de extracción") son iguais ou superiores aos obtidos no ensaio co simulante D.